

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ASUNTO: Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de San Tirso (Abegondo)

PROCEDEMENTO: Contratación por procedemento aberto simplificado

Numero expediente: 2024/C005/000002

1.- Obxecto do contrato (art. 99 LCSP)

Substituir a cuberta do edificio que alberga os vestiarios e renovar o alumeadado do campo de Fútbol de San Tirso (Abegondo).

2.-Necesidade que preténdese satisfacer (art. 28 LCSP)

Mellorar o rendemento enerxético e reducir o consumo de enerxía eléctrica, mellorando a súa vez as condicións de iluminación do recinto.

3.- Cualificación do contrato e CPV (art. 2.4 LCSP)

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo mixto de subministro e obras de acordo co previsto nos artigos 13, 16 e 18 da LCSP. A prestación principal é o subministro polo que as normas que rexerán a adxudicación deste contrato serán as dos contratos de subministro.

O código de identificación do obxecto do contrato e o seguinte:

Código CPV	Descrición
31520000	Lámparas e accesorios de iluminación
45316100	Instalación de equipos de alumeadado exterior
45261000	Traballos de construción de cubertas e estruturas de pechamento e traballos conexas.

4.- División en lotes, ou, no seu caso, xustificación da súa non división (art. 99.3 LCSP)

Tendo en conta que a área de actuación das diversas prestacións desenvolverase dentro do mesmo inmovible a división en lotes do presente contrato e, por ende, a súa adxudicación a varios contratistas, dificultaría a súa correcta execución dende un punto de vista técnico.

5.- Xustificación do procedemento (art. 131 LCSP)

Empregarase o procedemento aberto simplificado coas especialidades previstas no artigo 159.6 LCSP.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Xustificación: Reúnense os requisitos previstos no artigo 159.6 LCSP. Por outra banda trátase dunha prestación financiada con cargo a unha subvención* de modo que os trámites de adxudicación requiren un procedemento suficientemente áxil que permita a súa xustificación dentro do prazo habilitado a tal efecto.

* Orde de 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 (código de procedemento PR486B).

Resolución da Directora Xeral de Administración Local, de 19 de xullo de 2024, pola que acórdase asignarlle ao Concello de Abegondo unha achega de 48.399,56 euros para o proxecto denominado "Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol San Tirso". O prazo para executar a prestación e presentar a documentación xustificativa remata o 15 de novembro de 2024.

6.- Informe de insuficiencia de medios (so en contratos de servizos) art. 116 LCSP).

Non procede.

7.- Orzamento base de licitación (art. 100 LCSP) ou, no seu caso orzamento máximo (DA 33ª LCSP)

	Importe	IVA (21%)	Total
	39.999,64	8.399,92	48.399,56

8.- Valor estimado do contrato (art. 101 LCSP)

Concepto	Total
Valor estimado inicial	39.999,54
Modificación prevista	0
Valor estimado total	39.999,54

Desenvólvese no prego de prescricións técnicas.

9.- Tipo de licitación (forma na que os licitadores presentarán as súas ofertas económicas: prezos unitarios, prezo total, etc.)

Os licitadores ofertarán un importe total pola execución da prestación coa debida desagregación do IVA.

10.- Procedencia dos recursos que financiarán o contrato e aplicacións orzamentarias.

Subvención da Dirección Xeral de Administración Local:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Orde de 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 (código de procedemento PR486B).

Resolución da Directora Xeral de Administración Local, de 19 de xullo de 2024, pola que acórdase asignarlle ao Concello de Abegondo unha achega de 48.399,56 euros para o proxecto denominado "Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol San Tirso". O prazo para executar a prestación e presentar a documentación xustificativa remata o 15 de novembro de 2024.

Aplicacións orzamentarias:

– 342.61900

11.-Duración do contrato inicial e posibilidade de prórrogas

Tres meses. Non se contemplan prórrogas

12.- Esixencia de garantía provisional e a súa xustificación (art. 106 LCSP).

Non se esixe.

13.- Prazo de garantía ou, no seu caso, xustificación do seu non establecemento (arts 107 a 111 e 210.3 LCSP).

Prazo de garantía: Un ano a contar dende a acta positiva de recepción.

14.- Clasificación, no seu caso, así como criterios de solvencia técnica e profesional e a súa xustificación (arts. 87 e 91 LCSP)

Clasificación: Non procede.

Solvencia técnica:

1. Criterio: Relación dos principais contratos de características similares ao que é obxecto da licitación, executados polo licitador nos TRES últimos exercicios. (art. 89.1.a LCSP)

Requisito: Entenderase cumprido este requisito cando o importe acumulado dos contratos executados no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, circunstancia esta que terá que acreditar o interesado. Esixese a acreditación de polo menos dous contratos. A estes efectos so computarán aqueles contratos que conclúsen na data de presentación da proposición e cuxa boa execución se acredite.

Forma de acreditación: Aportaranse certificados e informes de boa execución.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

15.- (No seu caso) Habilitación profesional necesaria

Non é necesaria.

16.- (No seu caso) Esixencia de adscrición de medios humanos ou materiais ao contrato (art. 76 LCSP)

Non se esixe.

17.- Criterios de adjudicación cuxa valoración efectuarase mediante a aplicación de fórmulas ou porcentaxes e a súa xustificación (art. 145 e 146 LCSP)-

Criterio 1: Prezo (45 puntos)

Menor prezo total segundo a fórmula prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

Criterio 2: Prazo de execución (30 puntos)

Avaliarase a oferta de redución do prazo de execución segundo o seguinte baremo:

1 semana de redución: 5 puntos.

2 semanas de redución: 10 puntos

3 semanas de redución: 15 puntos

4 semanas de redución: 20 puntos

5 semanas de redución: 25 puntos

6 semanas de redución: 30 puntos

Criterio 3. Redución do consumo das luminarias a subministrar (25 puntos).

Consumo igual ou inferior ao 5% do previsto no PPT 5 puntos

Consumo igual ou inferior ao 10% do previsto no PPT 10 puntos

Consumo igual ou inferior ao 15% do previsto no PPT 15 puntos

Consumo igual ou inferior ao 20% do previsto no PPT 20 puntos

Consumo igual ou inferior ao 25% do previsto no PPT 25 puntos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Para que este criterio sexa aplicable aportarase xunto coa oferta a ficha técnica das luminarias ofertadas. Así mesmo, ditos bens deberán cumprir as restantes características técnicas esixidas no PPT.

18.- (No seu caso) Criterios de adjudicación cuxa valoración dependa dun xuízo de valor e a súa xustificación (art. 146 LCSP).

Non se establecen

19.- (No seu caso) Tarefas críticas non susceptibles de subcontratación e a súa motivación (art. 215 LCSP)

Non se establecen

20.- (No seu caso) Modificacións contractuais previstas (art. 204 LCSP)

Non se establecen

21.- (No seu caso) Revisión de prezos, xustificación, prazo e fórmula (198.3 e 240.2 LCSP)

Non procede a revisión de prezos.

22.- Condicións especiais de execución (art. 202 LCSP)

Social: Garantir a paridade salarial, no persoal que executa o contrato, entre as mulleres, homes e outros traballadores con identidade ou condición sexual ou expresión de xénero diferente.

Medioambiental: Non empregar plásticos dun so uso, agás que sexan biodegradables, ou empregar plásticos que procedan al menos nun 50% de plásticos reciclados.

23.- (No seu caso) Limitación a transmisión de dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial (art. 122.2 LCSP).

Este contrato non afecta a dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

24.- (No seu caso) Datos persoais que serán obxecto de tratamento por parte do contratista e finalidade do mesmo (art. 122.2 LCSP)

Neste contrato non se realizará tratamento de datos persoais.

25.- Forma de facturación (art. 198.2 e 240 LCSP).

Aplicarase o réxime de certificacións de obra previsto no artigo 240 LCSP e normativa de desenrolo.

26.- (No seu caso) Posibilidade de recepcións parciais



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Non.

27.- Unidade encargada do seguimento e execución do contrato (art. 62 LCSP)

Deportes

28.- Responsable do contrato (art. 62 LCSP).

Daniel Miguel González Fernández (Técnico deportes)

En Abegondo, na data da sinatura electrónica

O técnico municipal

O alcalde accidental



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.